

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO DE LATÍN

IES GREGORIO FERNÁNDEZ

CURSO 2022- 23

ÍNDICE

1	Aspectos Xerais da Programación Didáctica	4
	1.1 Contribución das materias á consolidación das competencias clave	4
	1.2 Contribución das materias ao desenvolvemento dos elementos transversais	6
2	Contexto	7
	2.1 Características do centro: contorna e instalacións	7
	2.2 Características do alumnado e das ensinanzas impartidas no centro	8
3	Metodoloxía didáctica	8
	3.1 Concepto e principios metodolóxicos	8
	3.2 Secuencia do traballo na aula	9
	3.3 Agrupamentos, espazos e tempos	10
	3.4 Materiais e recursos didácticos	10
4	Atención á diversidade e ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)	11
5	Adaptación da programación didáctica en caso dunha docencia semipresencial ou non presencial	12
6	Avaliación da programación didáctica e da práctica docente. Indicadores de logro.	15
7	Planificación das materias	20
	7.1 4º da ESO: Latín	20
	7.1.1 Obxectivos	20
	7.1.2 Secuenciación e temporalización	22
	7.1.3 Relación entre: contidos, criterios de avaliación, competencias clave, estándares de aprendizaxe (grado mínimo de consecución e peso na cualificación) e instrumentos de avaliación.	31
	7.1.4 Avaliación	81
	7.2 2º de Bacharelato: Latín II	84
	7.2.1 Obxectivos	84
	7.2.2 Secuenciación e temporalización	85

	7.2.3 Relación entre: contenidos, criterios de evaluación, competencias clave, estándares de aprendizaje (grado mínimo de consecución e peso na cualificación) e instrumentos de evaluación.	94
	7.2.4 Evaluación	140
8	Actividades complementarias e extraescolares	143
9	Distribución das materias no Departamento	144

1. Aspectos xerais da programación didáctica

1.1 Contribución das materias á consolidación das competencias clave

Entre as moitas definicións das competencias clave (CC) poderíamos destacar a do proxecto DeSeCo (2003), que nos di que “unha competencia é máis que coñecementos e destrezas. Involucra a habilidade de afrontar demandas complexas, apoiándose en e mobilizando recursos psicosociais (incluíndo destrezas e actitudes) nun contexto en particular.” Segundo a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, as competencias conceptualízanse como un «saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. Atendendo o establecido no Decreto 86/2015, as competencias que todo o alumnado debe conseguir son:

1. Comunicación lingüística (CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
3. Competencia dixital (CD)
4. Aprender a aprender (CAA)
5. Competencias sociais e cívicas (CSC)
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza ten na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de

disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo/pola profesor/a, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór a disposición da comunidade educativa.

A competencia de aprender a aprender traballarase, por exemplo, en todas as unidades nas que haxa un traballo específico de tradución ou retroversión.

As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos a civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre a valoración e a comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos as artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

1.2 Contribución das materias ao desenvolvemento dos elementos transversais

Os temas transversais buscan conseguir que o alumnado desenvolva formas de vida e sistemas de comportamento social, xusto e democrático a través de actitudes persoais activas e críticas. Para asegurar esta transversalidade, no artigo 4 do Decreto 86/2015 recóllense unha serie de elementos que teñen que ser tratados dende todas as disciplinas.

1-Comprensión lectora (CL): o alumnado terá que comprender diferentes tipos de textos para a finalización correcta da actividade con que se relacionan.

2-Expresión oral (EO): o alumnado poderá consolidar as súas destrezas comunicativas nas reflexións persoais e a expresión das mesmas, como na expresión das ideas ou coñecementos propios nas actividades iniciais de choiva de ideas.

3-Expresión escrita (EE): a expresión escrita progresará de forma coherente coa elaboración de traballos de diversa índole ao tempo que interioriza as súas aprendizaxes.

Estes tres elementos están relacionados coa competencia clave en Comunicación Lingüística (CCL) e co Proxecto Lector do centro, co fin de fomentar a lectura e a escritura entre o alumnado.

4-Comunicación audiovisual e Tecnoloxía da información e comunicación (CA, TIC): o visionado de fragmentos de vídeos serán o medio para traballar estes elementos transversais fomentando o Plan TIC do centro.

5-Emprendemento (EMP): fomentarase a iniciativa e a toma de decisións do alumnado a través da realización de proxectos e da busca de solucións aos diversos problemas que poidan xurdir na súa realización.

6-Educación cívica e constitucional (EC): promoverase a xestión pacífica de conflitos que se poden orixinar nos traballos en grupo ou en parellas ao confrontar ideas ou opinións.

Adicionalmente, promoverase a educación para a saúde (ES), xa que a dieta mediterránea, ou a importancia do exercicio físico no mundo grecorromano, pódenos dar pé a tratar este elemento transversal. Con este elemento transversal relacionase ademais o Proxecto de Promoción de estilos de vida saudable.

Tamén se pode abordar a educación para a igualdade entre homes e mulleres (IHM) recoñecendo en textos clásicos ou actuais, circunstancias nas que se produza calquera tipo de discriminación por razón de sexo, aproveitando para reflexionar e opinar sobre as situacións observadas e tratando de aportar posibles solucións para evitar a discriminación. En consecuencia reflexionárase sobre o compromiso de evitar, en calquera situación comunicativa, formas, termos e expresións que denoten discriminación de carácter sexual contribuíndo deste xeito a consecución dos obxectivos establecidos no Plan de Convivencia e tamén no Plan de Igualdade.

2. Contexto

2.1 Características do Centro: contorna e instalacións

O IES Gregorio Fernández é un dos dous institutos públicos localizados en Sarria. Este municipio conta na actualidade con 13.330 habitantes (INE 2019). O núcleo urbano de Sarria concentra un 65% da poboación, mentres que o resto de habitantes do concello están distribuídos pola contorna rural.

Pola súa parte, Sarria é a cabeceira dunha extensa comarca na que tamén se sitúan os concellos de Láncara, Paradela, O Incio, O Páramo, Samos e Triacastela. Entre as principais actividades económicas deste espazo destacan os sectores primario e terciario. En relación a este último aspecto, o feito de que Sarria sexa o maior núcleo de poboación do tramo galego do Camiño Francés (e o último lugar desde o que se pode comezar esta ruta para conseguir a “Compostelá”) repercutiu no notable incremento do sector servizos nos últimos anos.

Desde o punto do patrimonio cultural e artístico da comarca de Sarria, existe unha grande riqueza de monumentos ou restos arqueolóxicos, especialmente das etapas antiga e medieval. Entre eles destacan o propio trazado do Camiño de Santiago, a Fortaleza dos Marqueses de Sarria, o Mosteiro da Madalena ou a Igrexa do Salvador, patrimonio que ten unha proxección pedagóxica habitual nalgunhas das actividades desenvolvidas no Centro.

En relación ás instalacións e aos espazos didácticos existentes no IES, conta cun total de tres edificios, nos que se distribúen as aulas, os despachos da equipa directiva e de orientación, a

secretaría, os departamentos didácticos, a sala de profesores, os obradoiros e laboratorios, o ximnasio, o pavillón polideportivo, a biblioteca, a sala de recepción de pais/nais, a cafetería e o comedor. Así mesmo, a maioría das aulas están equipadas con ordenador, canón dixital e pizarra, e son luminosas e ben ventiladas

2.2 Características do alumnado e das ensinanzas impartidas no Centro

O alumnado do IES Gregorio Fernández procede na súa maior parte dun radio de ata 20 km, e a el están adscritos os centros de primaria de Oural e Paradela, así como acolle a Escola de Idiomas (sección Lugo). A lingua materna dominante é o galego, e a porcentaxe de alumnos e alumnas de nacionalidade estranxeira ronda o 10%.

Desde o punto de vista da situación socioeconómica das familias, a maioría posúen un nivel de vida medio, se ben existen casos de importantes dificultades económicas.

3. Metodoloxía didáctica

3.1 Concepto e principios metodolóxicos

Segundo o Decreto 86/2015 a metodoloxía didáctica é o “conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados”. Para deseñar estas accións debemos de partir duns principios metodolóxicos fundamentais, que serán a base sobre a que sustentar o deseño, e que atendendo ao artigo 11 do Decreto 86/2015 para esta programación serán a atención á diversidade, a metodoloxía activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo, a adquisición de competencias a través de actividades integradas, o desenvolvemento de elementos transversais, a integración das TIC na aula e o fomento da lectura.

Hai que partir sempre dunha avaliación inicial para valorar desde que punto parte o noso alumnado, reestruturando o proceso de ensino aprendizaxe para que sexa significativo. Ademais, en todas as unidades hai actividades iniciais, como chuvias de ideas, pensadas para adaptar este proceso.

As explicacións de parte do docente estarán presentes nas unidades didácticas, pero temos que potenciar as metodoloxías activas e participativas, fomentando o desenvolvemento da capacidade do alumnado de aprender a aprender, por exemplo, na unidades nas que haxa un traballo de tradución ou retroversión.

Potenciarase tamén a aprendizaxe a través de xogos e a gamificación usando como recurso as novas tecnoloxías, por exemplo co uso de Kahoot!. Combinarase o traballo individual co traballo colaborativo.

3.2 Secuencia do traballo na aula

As actividades das diferentes unidades didácticas son fundamentais para o desenvolvemento das competencias. Realizaranse distintos tipos de actividades e poderán ser adaptadas para atender de forma axeitada á diversidade do alumnado e atendendo ás distintas circunstancias que se poidan dar e que determinen outro tipo de ensinanza (online, semipresencial...). De forma xeral, a secuenciación das actividades das UUDD sería a seguinte:

Actividades iniciais de motivación e avaliación inicial (AI). Estas actividades teñen como finalidade avaliar o grao de coñecementos previos do alumnado en relación cos contidos da unidade. É importante ademais que estas actividades sexan motivadoras.

Actividades de desenvolvemento (AD). A súa finalidade é introducir e desenvolver os novos contidos da unidade. Teñen que ter unha crecente complexidade. A parte expositiva do docente ten que estar presente como guía, para realizar despois actividades individuais.

Actividades de consolidación (AC). Estas actividades buscan recapitular as aprendizaxes adquiridas para comprobar o grao de asimilación dos contidos por parte do alumnado.

Actividades complementarias e extraescolares (ACE). Estas actividades buscan que o alumnado saia do seu entorno habitual para fomentar unha aprendizaxe máis integral. Poden ser saídas, como a saída a Lugo para o Festival de Teatro Clásico en marzo do 2023. Poden ser tamén conmemoracións.

Actividades de avaliación (AV). Son actividades cuxa finalidade é coñecer o grao de consecución dos contidos de cada unidade. Empregaranse instrumentos como probas escritas.

Actividades de reforzo e ampliación (AR/AA). Estas actividades están deseñadas para atender á diversidade do alumnado, con actividades de reforzo para os que teñen un aprendizaxe máis lento, e actividades de ampliación para o alumnado que necesite avanzar máis. Non son actividades para algún alumno ou alumna en concreto, senón que poden ser realizadas por calquera membro do grupo. Serán accesibles tamén a través da Aula Virtual do centro, para que o alumnado interesado poda acceder a elas cando o considere necesario, contribuíndo deste xeito ao Plan de integración das TIC do centro.

3.3 Agrupamentos, espazos e tempos

Os agrupamentos que se porán en práctica serán homoxéneos e terán carácter flexible, pois buscarán colocar ao alumnado segundo as súas propias cualidades para obter os mellores resultados de aprendizaxe. O alumnado traballará de forma individual para favorecer a súa autonomía en determinadas actividades como poden ser traducións ou boletíns de exercicios. Farase tamén un traballo en parellas, para favorecer a interacción e en pequeno grupo, para fomentar o traballo cooperativo, contribuíndo ao Plan de Igualdade dos centros e ao Plan de Convivencia.

En canto aos espazos, empregaremos a aula de referencia, a biblioteca e a aula de informática. Na aula proporase unha distribución en liña, para o traballo individual e por parellas, e unha distribución enfrontada para o traballo en pequeno grupo.

3.4 Materiais e recursos didácticos

Para o traballo na aula contarase con diferentes materiais que serán nuns casos de uso diario e noutros de uso máis ocasional.

Materiais funxibles: lapis, folios, cadernos, rotuladores, cartolinas...entre outros. Materiais non funxibles: ordenador, cadeiras, mesas, proxector, encerado branco...

Son fundamentais os dicionarios e manuais para determinadas actividades así que disporase na aula de varios exemplares para o traballo individual. Contarase tamén con algún exemplar na biblioteca. Usaranse boletíns de exercicios, libros de texto de apoio, textos de autores clásicos e textos doutra índole. Empregarase a rede para multitude de recursos, como poden

ser materiais audiovisuais, como vídeos de Youtube con contidos relevantes, por exemplo os de latinonline.es, Academia Play, Ted-Ed ou latinedisce.com; a Aula Virtual do centro na que se poden subir arquivos de consulta para realizar traballos colaborativos, ou as actividades de reforzo ou ampliación das distintas unidades; enlaces a webs, como a páxina Almacén de Clásicas e actividades de diverso formato, ademais das de reforzo e ampliación. Pódense usar tamén aplicacións como Kahoot!, empregando o teléfono móbil, cuxo uso está permitido nas Normas de organización e Funcionamento do centro. Ademais da Aula Virtual, pódese empregar Cisco Webex como plataforma para facer videoconferencias. Para a comunicación coas familias débense usar os recursos proporcionados pola Consellería, AbalarMóbil ou o correo electrónico específico.

4. Atención á diversidade e ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)

Segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, a diversidade é “unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.” Dentro desta diversidade atopamos alumnado con NEAE, que, atendendo ao artigo 71.2 da LOE/LOMLOE pode presentar “necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por encontrárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar”.

Atendendo ás directrices da lexislación actual vámonos a rexer por dous principios fundamentais: normalización e inclusión. Para atender á diversidade vamos a tomar sempre medidas de carácter ordinario, tal e como se recolle no Plan Xeral de Atención á

Diversidade, que elabora o Departamento de Orientación. So de ser preciso se levarán a cabo medidas de carácter extraordinario, tal e como se indica na Orde do 8 de setembro de 2021.

Como docentes debemos axustar o enfoque metodolóxico a cada unha das realidades que temos na aula, considerando tanto as tarefas propostas e a súa avaliación como a promoción da motivación e o coidado da autoestima.

No caso do alumnado que non promocionou de curso, levarase a cabo un programa específico de reforzo, facendo un seguimento máis detallado e proporcionando actividades de reforzo ou ampliación, no caso de ser necesario.

5. Adaptación da programación didáctica en caso dunha docencia semipresencial ou non presencial

No caso de ter que pasarse a un ensino online ou semipresencial, a metodoloxía obviamente terá que cambiar e adaptarse de novo a esa situación. Terase en conta sempre que pode haber alumnado con conectividade e alumnado sen conectividade ou con pouca conectividade.

Intentarase que as actividades propostas para as clases non presenciais sexan variadas grazas ao soporte da tecnoloxía e á diversificación das canles de información.

Coa corrección das tarefas intentarase que o alumnado avance no seu proceso de aprendizaxe.

Teranse sempre en conta as dificultades que pode ter o alumnado en relación aos medios e á conectividade, buscando a forma de solucionarlas.

Procúrase sempre que as actividades non desborden ao alumnado.

Para aqueles que non están conectados ou teñan dificultades para traballar cun ordenador, por ter que compartilo coa familia, tratarase de establecer comunicación con eles a través do correo electrónico para envío de materiais ou chamadas telefónicas.

No caso dunha ensinanza semipresencial, combinaranse as sesións máis teóricas (presenciais) coas sesións máis prácticas (online), sempre resolvendo as posibles dúbidas

que poidan xurdir a través das canles propostas. Esta dinámica podería invertirse cando o alumnado ou o docente o consideren necesario.

Criterios de avaliación e cualificación no caso do establecemento dun ensino semipresencial nalgún período, na ESO e en Bacharelato:

o 2º Bac (Latín II)

Procedementos: O docente enviará, de forma escalonada ou en bloque, por correo electrónico ou Aula virtual, textos do nivel de 2º BAC para traducir ou analizar do latín/grego ao castelán ou galego. Mandaranse asemade outras tarefas a realizar que sexan obxecto de estudo da materia (exercicio de prefixos, temas literatura, helenismos).

Instrumentos: Textos propostos polo profesor, traducidos ou analizados polo alumnado por escrito, a man ou a ordenador, enviados por correo electrónico ou Aula Virtual, e, finalmente, corrixidos, avaliados e devoltos polo profesor. O profesor poderá tamén enviar a corrección do/s texto/s para a súa revisión por parte do alumnado.

Outras tarefas a realizar poderán ser a análise dos principais prefixos latinos ou o estudo dos temas de literatura.

Tamén se terá en conta a constancia e número destas entregas, a presenza, se é posible, participación e interese amosado nas sesións de aula virtual.

A avaliación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante todos os trimestres, tanto no periodo presencial coma no periodo online, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas e os criterios de avaliación serán os mesmos que nunha ensinanza presencial, facendo exames online a través de webex ou doutras plataformas.

Recuperación: no caso do alumnado con alguna avaliación non superada, farase unha proba de recuperación que versará sobre os contidos non superados .

Esta recuperación farase de forma telemática ou presencial, se a situación o permitise, nunha data acordada polo docente e o alumnado afectado. As instrucións para a realización deste exame de recuperación ser-án transmitidas por correo electrónico ou Aula

virtual coa suficiente anticipación. Permitirase o uso dun dicionario de latín-castelán ou galego e o apéndice gramatical do dicionario. No caso de que o alumnado teña problemas de conexión para a realización desta proba, esta deberá de facerse por calquera medio posible a disposición do alumnado, por exemplo o teléfono móbil. A non realización desta proba de recuperación suporá que a materia non será superada na convocatoria ordinaria. Criterios de cualificación da recuperación: a nota obtida na recuperación representará o 100 % da nota.

A proba extraordinaria constará de cinco preguntas relacionadas directamente cos bloques de contidos das materias en cuestión. O alumnado alcanzará o aprobado obtendo unha nota mínima de 5 sobre 10.

O alumnado coa materia pendente seguirá os mesmos criterios que nunha avaliación presencial, facendo as probas pertinentes a través de Webex ou outra plataforma online, e enviando os traballos requeridos polo docente a través da Aula virtual ou correo electrónico.

o Latín (4º ESO)

Procedementos: o alumnado comunicarse co docente a través da Aula virtual e Webex Meetings, para a comunicación das tarefas a realizar, plan de traballo, entrega de traballos ou probas a realizar.

Instrumentos: Establecemento dun plan de traballo por parte do alumnado para a realización dun traballo individual cos seguintes puntos: elección do tema do traballo, recursos a utilizar, formato.

Realización doutras actividades online, relacionadas cos contidos culturais ou lingüísticos.

Probas/ test/ formularios Google de tradución e análise morfolóxica. Estas probas faranse vía telemática. Poderanse facer dous tipos de probas de tradución e análise morfolóxica.

Tamén se terá en conta a constancia e número destas entregas, a presenza, se é posible, participación e interese amosado nas sesións de aula virtual.

A avaliación realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os tres trimestres, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes

realizadas no período de ensinanza online e os criterios de avaliación serán os mesmos que nunha ensinanza presencial.

Recuperación: no caso do alumnado con algunha avaliación non superada, farase unha proba de recuperación que versará sobre os contidos non superados, ou realizarase un traballo/traballos para a recuperación dos mesmos.

6. Avaliación da programación didáctica e da práctica docente. Indicadores de logro

Para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe é necesario avaliar a programación didáctica e a nosa práctica docente, seguindo as instrucións do Decreto 86/2015, “o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas”.

O seguimento da programación didáctica realizarase ao final de cada unidade didáctica no caderno do docente. Faranse constar as desviacións con respecto á temporalización prevista e aos contidos traballados e os motivos que as desencadearon. Readaptarase, de ser necesario, a temporalización das seguintes unidades. Ao finalizar cada unidade, o alumnado poderá avaliála con unha escala de observación. Para a autoavaliación da programación utilizarase unha escala de observación, establecendo uns indicadores de logro que reflectirán o que se pretende acadar.

Levarase a cabo tamén unha coavaliación nas reunións mensuais do departamento de Latín; nesta reunión farase un seguimento da programación didáctica, avaliarase o grao de cumprimento da mesma e xustificaranse os casos de adaptación da programación. Este seguimento e revisión constará nas actas do departamento. Outros procedementos para avaliar a programación serán as reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica ou as reunións co delegado.

Ademais da revisión da programación didáctica, farase unha avaliación da práctica docente, indicando o grao de cumprimento da mesma e xustificando razoadamente as posibles desviacións na mesma. Esta avaliación levarase a cabo ao finalizar cada un dos trimestres.

Teranse en conta as valoracións do alumnado mediante unha enquisa e farase unha autoavaliación con unha escala de observación, establecéndose uns indicadores de logro, como por exemplo se se empregaron distintos instrumentos de avaliación ou se conseguiu unha participación activa do alumnado.

Nas análises dos instrumentos de avaliación da programación didáctica e da práctica docente sairán as propostas de mellora que se recollerán na memoria final.

Instrumentos de avaliación da práctica docente e da PD

1. Enquisa para o alumnado para avaliar a práctica docente

A. Sinala o grao de interese pola materia

- Moi elevado
- Elevado
- Normal
- Baixo
- Moi baixo

B. As clases en xeral son

- Fáciles de seguir
- Cases sempre fáciles de seguir
- Case sempre difíciles de seguir
- Difíciles de seguir

C. Nas clases síntome

- Moi motivado
- Algo motivado
- Non moi motivado
- Para nada motivado

D. Cando necesito apoio nas sesións, o docente resúltame unha figura de apoio

- Si
- Non

E. Ao docente gústalle ensinar e mostra interese pola materia

- Si
- Non

F. O docente é, en xeral, próximo, empatiza e trata de conectar co alumnado

- Si
- Non

G. O docente demostra ter os coñecementos e competencias axeitadas para ensinar esta materia

- Si
- Non

H. A metodoloxía é adecuada, diversa e adaptada ás necesidades do alumnado

- Si
- Non

I. O docente xestiona o tempo adecuadamente

- Si
- Non

J. A avaliación resulta xusta e cun nivel de dificultade axeitado

- Si
- Non

2. Escala de Observación para avaliar a práctica docente (autoavaliación)

(1=puntuación mais baixa; 4=puntuación mais alta)

Indicadores de logro	ESCALA			
	1	2	3	4
I. Fixéronse explicación xerais para todo o alumnado				
II. Ofrecéronse as explicacións que precisou o alumnado de forma individualizada.				
III. Elaboráronse actividades para atender á diversidade				
IV. Empregáronse distintas metodoloxías en función dos contidos				
V. Conseguiuse unha participación activa do alumnado.				
VI. Combinouse o traballo individual e en grupo, valorándose adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado.				
VII. Incorporáronse as Tic aos procesos de ensino-aprendizaxe				
VIII. Potenciáronse estratexias de animación á lectura				
IX. Prestouse atención aos elementos transversais e competencias clave relacionados cos estándares de aprendizaxe.				
X. Ofrecéronse ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos ou outras actividades				
XI. Grao de implicación nas funcións de titoría ou orientación do alumnado.				
XII. Vinculáronse as medidas de apoio cos estándares de aprendizaxe.				
XIII. Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación.				
XIV. Contouse co apoio e coa implicación das familias/titores legais no traballo do alumnado.				
XV. Mantívose un contacto periódico coa familia/titores legais do alumnado.				
XVI. Empregáronse distintos instrumentos de avaliación.				
XVII. Elaboráronse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado.				
XVIII. Deuse un peso real á observación do traballo na aula				
XIX. Propuxéronse actividades complementarias e extraescolares adecuadas.				

3. Escala de Observación para avaliar a PD (autoavaliación)

(1=puntuación mais baixa; 4=puntuación mais alta)

Indicadores de logro	ESCALA			
	1	2	3	4
I. Adecuación do deseño das UDD, temas ou proxectos a partir do currículo.				
II. Adecuación da secuenciación e temporalización das UDD.				
III. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unidade.				
IV. Adecuación ao grao mínimo de consecución para cada estándar.				
V. Asignación a cada estándar do peso específico na cualificación.				
VI. Vinculación de cada estándar con un instrumento/s axeitado/s para a súa avaliación.				
VII. Asociación de cada estándar coas competencias clave.				
VIII. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
IX. Adecuación dos materiais e recursos empregados.				
X. Adecuación da proba de avaliación inicial.				
XI. Adecuación das pautas para a avaliación continua.				
XII. Adecuación dos criterios establecidos para recuperar os estándares, unidades didácticas ou avaliación.				
XIII. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
XIV. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación de materias pendentes e a súa avaliación.				
XV. Adecuación dos instrumentos considerando o valor de cada estándar.				
XVI. Adecuación das medidas de apoio e reforzo educativo.				
XVII. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
XVIII. Tratamento dos elementos transversais.				
XIX. Grao de desenvolvemento, participación e interese nas actividades complementarias.				
XX. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
XXI. Contribución desde a materia ao Plan Lector do centro				
XXII. Grao de integración das TIC na materia.				

4. Escala de observación para o alumnado para avaliar a UD

(1=puntuación mais baixa; 4=puntuación mais alta)

Indicadores de logro	ESCALA			
	1	2	3	4
I. O plan de traballo previsto expúxose ao iniciar a unidade				
II. Grao de cumprimento do plan de traballo previsto				
III. Grao de utilidade dos materiais e recursos				
IV. Grao de utilidade das actividades				
V. Grao de adecuación das actividades ás necesidades do alumnado				
VI. Grao de flexibilidade da unidade segundo as necesidades do alumnado				
VII. A unidade resulta atractiva e interesante				

7. Planificación das materias

7.1 4º ESO: LATÍN

7.1.1. Obxectivos ESO

1	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

6	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades
8	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo
11	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
12	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
13	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito
14	Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

7.1.2 Secuenciación e temporalización dos contidos

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización	
	Te ma / U. D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións
1ª Avaliac.		B1	BLOQUE 1: O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES		
	1	B1.1	Marco xeográfico da lingua	Set em.	8
		B1.2	O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas		
		B1.3	Linguas de España: linguas romances e non romances		
		B1.4	Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos		
		B2	BLOQUE 2: SISTEMA DE LINGUA LATINA: ELEMENTOS BÁSICOS	Set em/ Out.	12
		B2.1	Orixes da escritura. Sistemas de escritura.		
		B2.2	Orixes e evolución do alfabeto latino.		
		B2.3	Pronuncia do latín		
		B3	BLOQUE 3. MORFOLOXÍA		
		B3.1	Formantes das palabras		
		B3.2	Tipos de palabras: variables e invariables.		
		B3.3	Concepto de declinación		
		B3.4	Flexión nominal: substantivos 1ª declinación		
		B7	BLOQUE 4. SINTAXE		
		B4.1	Elementos da oración		
		B4.2	Casos latinos		
			BLOQUE 7. LÉXICO		
		B7.1	Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia		
		B7.2	Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos		
		B7.3	Locucións latinas de uso actual		
		B1	BLOQUE 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES		
		B1.4	Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos		
		B1.5	Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.		
		B3	BLOQUE 3. MORFOLOXÍA	Nov	12
		B3.1	Formantes das palabras		
		B3.2	Tipos de palabras: variables e invariables.		
	B3.3	Concepto de declinación			
	B3.4	Flexión nominal: substantivos, adxectivos 1ª, 2ª declinación			
	B4	BLOQUE 4. SINTAXE			
	B4.1	Elementos da oración			

3	B4.2	Casos latinos	Dec	8
	B4.3	Concordancia		
	B4.4	Oración simple: oracións atributivas e predicativas		
	B6	BLOQUE 6. TEXTOS		
	B6.1	Análise morfolóxica e sintáctica.		
	B6.2	Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.		
	B6.3	Iniciación ás técnicas de tradución.		
	B6.4	Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.		
	B6.5	Produción de pequenos textos propios en lingua latina.		
	B7	BLOQUE 7. LÉXICO		
	B7.1	Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia		
	B7.2	Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos		
	B7.3	Locucións latinas de uso actual		
		BLOQUE 1. O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES		
	B1.4	Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos		
	B1.5	Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.		
	4	B3		
B3.1		Formantes das palabras		
B3.2		Tipos de palabras: variables e invariables.		
B3.3		Concepto de declinación e conxugación.		
B3.4		Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos		
B3.5		Flexión verbal		
B4		BLOQUE 4. SINTAXE		
B4.1		Elementos da oración		
B4.2		Casos latinos		
B4.3		Concordancia		
B4.4		Oración simple: oracións atributivas e predicativas		
B6		BLOQUE 6. TEXTOS		
B6.1		Análise morfolóxica e sintáctica.		
B6.2		Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias		
B6.3		Iniciación ás técnicas de tradución		
B6.4		Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.		
B6.5		Produción de pequenos textos propios en lingua latina.		
B7	BLOQUE 7. LÉXICO			
B7.1	Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia			
B7.2	Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos			

	B7.3	Locucións latinas de uso actual		
	B1	BLOQUE 1: O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES		
	B1.4	Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.		
	B1.5	Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán		
	B5	BLOQUE 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA, ARTE E CIVILIZACIÓN		
	B5.1	Períodos da historia de Roma		

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización	
	Tem a / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións
2ª aval		B3	BLOQUE 3. MORFOLOXÍA		
	5	B3.4	Flexión nominal: 3ª declinación	Xan	10
		B3.5	Flexión verbal		
		B4	BLOQUE 4. SINTAXE		
		B4.1	Elementos da oración		
		B4.2	Casos latinos		
		B4.3	Concordancia		
		B4.4	Oración simple: oracións atributivas e predicativas		
		B4.5	Oración composta: oracións coordinadas.		
		B6	BLOQUE 6. TEXTOS		
		B6.1	Análise morfolóxica e sintáctica.		
		B6.2	Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias		
		B6.3	Iniciación ás técnicas de tradución		
		B6.4	Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.		
		B6.5	Produción de pequenos textos propios en lingua latina.		
		B7	BLOQUE 7. LÉXICO		
		B7.1	Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia		
		B7.2	Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos		
		B7.3	Locucións latinas de uso actual		
		B1	BLOQUE 1: O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES		
		B1.4	Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.		
	B1.5	Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán			
B5	BLOQUE 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA, ARTE E CIVILIZACIÓN				

		B5.2	Organización política e social de Roma: as clases sociais		
	6	B3	BLOQUE3. MORFOLOXÍA	Xan / Feb .	11
		B3.4	Flexión nominal: 3ª declinación: substantivos e adxectivos		
		B3.5	Flexión verbal		
		B4	BLOQUE 4. SINTAXE		
		B4.1	Elementos da oración		
		B4.2	Casos latinos		
		B4.3	Concordancia		
		B4.4	Oración simple: oracións atributivas e predicativas		
		B4.5	Oración composta: oracións coordinadas.		
		B6	BLOQUE 6. TEXTOS		
		B6.1	Análise morfolóxica e sintáctica		
		B6.2	Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias		
		B6.3	Iniciación ás técnicas de tradución		
		B6.4	Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.		
		B6.5	Producción de pequenos textos propios en lingua latina.		
		B7	BLOQUE 7. LÉXICO		
		B7.1	Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia		
		B7.2	Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos		
		B7.3	Locucións latinas de uso actual		
		B1	BLOQUE 1: O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES		
	B1.4	Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.			
	B1.5	Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán			
	B5	BLOQUE 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA, ARTE E CIVILIZACIÓN			
	B5.2	Organización política e social de Roma			
	7	B3	BLOQUE3. MORFOLOXÍA	Feb / Mar .	10
		B3.4	Flexión nominal: 4ª declinación		
		B3.5	Flexión verbal		
		B4	BLOQUE 4. SINTAXE		
		B4.1	Elementos da oración		
		B4.2	Casos latinos		
		B4.3	Concordancia		
		B4.4	Oración simple: oracións atributivas e predicativas		
		B4.5	Oración composta: oracións coordinadas.		
		B6	BLOQUE 6. TEXTOS		
		B6.1	Análise morfolóxica e sintáctica		
		B6.2	Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias		

		B6.3	Iniciación ás técnicas de tradución		
		B6.4	Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.		
		B6.5	Produción de pequenos textos propios en lingua latina.		
		B7	BLOQUE 7. LÉXICO		
		B7.1	Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia		
		B7.2	Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos		
		B7.3	Locucións latinas de uso actual		
		B1	BLOQUE 1: O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES		
		B1.4	Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.		
		B1.5	Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán		
		B5	BLOQUE 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA, ARTE E CIVILIZACIÓN		
		B5.4	Mitoloxía e relixión		
	8	B3	BLOQUE3. MORFOLOXÍA	Abr.	7
		B3.4	Flexión nominal: 5ª declinación		
		B3.5	Flexión verbal		
		B4	BLOQUE 4. SINTAXE		
		B4.1	Elementos da oración		
		B4.2	Casos latinos		
		B4.3	Concordancia		
		B4.4	Oración simple: oracións atributivas e predicativas		
		B4.5	Oración composta: oracións coordinadas.		
		B6	BLOQUE 6. TEXTOS		
		B6.1	Análise fonética, morfolóxica, sintáctica e semántica		
		B6.2	Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias		
		B6.3	Iniciación ás técnicas de tradución		
		B6.4	Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.		
		B6.5	Produción de pequenos textos propios en lingua latina.		
	B7	BLOQUE 7. LÉXICO			
	B7.1	Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia			
	B7.2	Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos			
	B7.3	Locucións latinas de uso actual			
	B1	BLOQUE 1: O LATÍN, ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES			
	B1.4	Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.			

	B1.5	Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán		
	B.5	BLOQUE 5. ROMA: HISTORIA, CULTURA, ARTE E CIVILIZACIÓN		
	B5.4	Mitoloxía e relixión		

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización	
	Te ma / U.D .	Bloque	Contido	Mes	Sesións
3ª Avaliación c.		B3	BLOQUE 3. MORFOLOXÍA		
	9	B3.4	Flexión pronominal	Maio	5
		B3.5	Flexión verbal		
		B4	BLOQUE 4. SINTAXE		
		B4.1	Elementos da oración		
		B4.2	Casos latinos		
		B4.3	Concordancia		
		B4.4	Oración simple: oracións atributivas e predicativas		
		B4.5	Oración composta: oracións coordinadas.		
		B6	BLOQUE 6. TEXTOS		
		B6.1	Análise morfolóxica e sintáctica.		
		B6.2	Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias		
		B6.3	Iniciación ás técnicas de tradución		
		B6.4	Lectura comprensiva e comentario de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.		
		B6.5	Produción de pequenos textos propios en lingua latina.		
		B7	BLOQUE 7. LÉXICO		
